

ASISTENTES

Gómez Rodríguez, Alma María (PDI-A)
Isorna Folgar, Manuel (PDI-B)
Michinel Álvarez, Miguel Ángel (SECRET.)
Novás Míguez, Javier (PAS)
Reigosa Roger, Manuel Joaquín (PRESID.)

DESCULPA ASISTENCIA

Cid Vera, Luis Saúl (EST.)

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do día 18 de marzo de dous mil vinte un, convocada ás 09:00 h. en primeira convocatoria e ás 09:15 h. en segunda na sala 16 do Campus Remoto.

O día **18 de marzo de 2021** ás 09:00 h. deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral, presidida polo teitor, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión do día 12 de febreiro de 2021.
2. Resolución das reclamacións á proclamación provisional dos resultados e proclamación definitiva das persoas candidatas electas.
3. Asuntos varios.
4. Quenda de intervencións.
5. Aprobación da acta da reunión.

Acadado o quórum comeza a reunión ás 9:20 consonte á seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión do día 12 de febreiro de 2021.

Sen observacións, aprobase por asentimento a acta.

2. Resolución das reclamacións á proclamación provisional dos resultados e proclamación definitiva das persoas candidatas electas.

O reitor cede a palabra ao secretario xeral, quen informa das renuncias aceptadas, o que provocou a celebración de eleccións a representantantes do alumnado finalmente en só dous departamentos. Asemade, sinala que non houbo reclamación aos resultados provisionais, polo que propoñe que sexan elevados a definitivos. Non se formulan obervacións.

Acórdase por asentimento elevar os resultados provisionais a definitivos, proclamando como electas ás persoas que figuran na documentación aportada.

3. Asuntos varios.

O reitor cede a palabra ao secretario xeral, quen informa de que non xurdiron outros asuntos en relación con presente procedemento, que se desenvolveu con total normalidade.

4. Quenda de intervencións.

Non hai intervencións, agás a do reitor agradecendo a súa presenza aos membros da comisión.

5. Aprobación da acta da reunión

O reitor cede novamente a palabra ao secretario xeral quen propoñe, aos efectos de evitar reunir novamente a comisión ata un novo procedemento electoral, que sexa aprobada xa nesta mesma sesión a acta correspondente. Non se formulan obxeccións.

Apróbase por asentimento a acta da presente reunión.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 09:35 h do día 18 de marzo de 2021, da que eu como secretario xeral dou fe co visto e praxe do presidente da Comisión Electoral.

O presidente da Comisión Electoral

O secretario da Comisión Electoral